



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.E.I.P COIRÓN DENA**  
Rúa dos Colexios, 6 Dena  
36967 Meaño (Pontevedra)  
Tfno: 886151375  
Fax: 886151377  
ceip.coiron.dena@edu.xunta.es

## **MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CEIP COIRÓN DENA NOS CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN**

Ante os cambios normativos, cómpre adaptar a concreción curricular á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, ESO e bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022)

### **CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN**

- A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e do exercicio da práctica docente.
- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.
- A fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde de 2 de marzo do 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisión de promoción.
- Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situación de aprendizaxe.
- O centro aplicará as medidas máis axeitadas para que as condición de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención a diversidade do alumnado.
- Nas programación didácticas os criterios de cualificación e avaliación redactaranse de xeito claro e obxectivo.

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración o grado de adquisición das competencias e do

logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, no seu caso, os estándares de aprendizaxe.

Os referentes da avaliación no caso de alumnado con adaptación curricular serán os incluídos en dita adaptación.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das aprendizaxes.

Cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado se establecerán medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado.

### **CRITERIOS XERAIS PARA A PROMOCIÓN**

- A promoción en 1º, 3º e 5º de educación primaria será automática.
- Ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de maneira colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
- O alumnado que alcance a promoción de curso con algunha área suspensa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta decisión poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, pais o titores legais e terá carácter excepcional.
- A permanencia un ano máis implicará, por parte do equipo docente, a organización dun plan específico de reforzo, que terá como obxectivo que o alumno/a acade o grao de adquisición dos estándares ou competencias correspondentes.
- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.
- Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvoltas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe debe reflexar as adaptación e medidas adoptadas, e a necesidade da súa continuidade na seguinte etapa.

